

LER  
O  
MUNDO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de  
Ordenación e Innovación Educativa



Hora de ler

Campana de Fomento da Lectura. 1º Ciclo ESO.



LER  
O  
MUNDO

*Guía para o profesorado*

XUNTA DE GALICIA

Canta a laverca nun arpón de ferruxe,  
trinca os cabos un salouco de merlo,  
e albiscan os corvos no temón a miúda morte  
que se deita nas beiras.  
Todo listo almirante, para a grande viaxe.

Manuel Rivas



# Do Tópico ao Trópico

Toda lectura é, á fin, unha viaxe. Saír de viaxe e ler un libro obedecen á mesma pulsión: o desexo ou a necesidade de abrir unha paréntese na vida cotiá, romper coa rutina, coñecer outros lugares, vivir novas experiencias, ser outros. Regresar, como pechar o libro, supón unha volta á vida de cadaquén, pero cunha maior bagaxe: coñecementos, palabras, imaxes, sons, inquedanzas, emocións... son os *souvenirs* lixeiros que se foron engadindo á equipaxe de saída.

Os libros de viaxe integran dunha forma máis explícita os aspectos que teñen en común a viaxe e a lectura. A campaña **Ler o mundo** pretende poñer en contacto o alumnado destas idades cun tipo de lecturas que responden ás súas demandas á hora de achegarse aos libros: aventuras, diversión, personaxes cos que identificarse, historias que os emocionen... Viven agora experiencias que a estas idades son máis frecuentes, como a participación en intercambios escolares, os cursos no estranxeiro para a aprendizaxe de idiomas, a asistencia a campamentos, a convivencia con rapaces e rapazas doutros países (os participantes nos programas de acollida a nenos saharauís, por exemplo, ou aqueles que veñen vivir onda nós). Viaxar a outro país, a outro continente, a outro mundo, ou a outro barrio da propia cidade, é unha experiencia emocionante que pode tamén facerse a través da lectura. Buscando o propio rumbo, seguindo os seus propios intereses, rapaces e rapazas van medrando como persoas e tamén van aprendendo a seleccionar as súas lecturas.

Do mesmo xeito que hai diferentes tipos de viaxeiros (intrépidos, solitarios, prudentes, aventureiros ou previsores; con mochila ou con maleta; de hotel ou de cámping; de negocios ou de vacacións), tamén hai diferentes tipos de viaxes literarias: iniciáticas, xeográficas ou de exploración, urbanas, a países exóticos, fantásticas, interiores, forzadas polas circunstancias, na procura de alguén... Un bo libro de viaxes ten sempre como elemento indispensable a transformación que viven os seus protagonistas e, como efecto colateral da súa lectura, produce sempre algún cambio na mirada de quen o le.

**Ler o mundo** é unha invitación a viaxar por paisaxes literarias e humanas que nos axuden a ampliar a nosa forma de ver o mundo.

# Ler o mundo.

## Caderno de viaxe

A campaña de lectura en centros escolares deseñada pola Consellería de Educación para o ano 2006, baixo o lema xeral “Hora de ler”, pretende achegarlle ao alumnado do primeiro ciclo de ensino secundario un material específico que favoreza a lectura de libros de viaxes.

Este material é, en esencia, un diario de lecturas con estética de caderno de viaxe. Este tipo de cadernos persoais, que recollen unha experiencia vivida nun lugar do mundo diferente ao da residencia habitual, son un recurso que, dada a temática da campaña, non se pode deixar á marxe. A creación dun caderno persoal integra, de maneira moi especial, lectura e escritura; é, polo tanto, unha ferramenta educativa de gran potencialidade.

Os cadernos de viaxe vanse facendo dende a folla en branco. As súas páxinas acollen apuntamentos rápidos, reflexións, impresións, unha entrada de museo, un billete de tranvía e, mesmo, unha mancha fortuita no papel que pode inspirar un debuxo no que anotar unha data, un destino, un nome de lugar. É precisamente a espontaneidade destes rexistros o que permite volver despois sobre eses momentos, momentos que tamén poden xurdir da lectura. Proponse, pois, facilitar os medios para que rapaces e rapazas teñan onde apreixar lembranzas da selección de libros de viaxes que aparece na guía e no caderno. Así, poderán anotar unha cita, imaxinar o rostro dun personaxe e facer o debuxo, rexistrar o itinerario descrito nunha lectura, anotar un nome de lugar que lles chame especialmente a atención...

Deseñouse este diario de lecturas para o alumnado cunha concepción aberta, para que sexa o traballo persoal de cadaquén o que defina o resultado, tanto en contidos coma en estética. De todos os xeitos, e coa finalidade de facilitar o seu uso, o caderno de viaxe consta de diferentes apartados:

- ⇒ Unha introdución, na que se define o material e se dan pistas sobre o seu uso.
- ⇒ Datos persoais do autor ou autora do caderno.
- ⇒ Unhas páxinas para anotar os datos dos libros que van lendo e realizar as actividades de expresión que esta lectura lles suxire. Para este fin, dedícase a páxina da esquerda a carón dos datos do libro lido.



- ⇒ Intercaladas entre as anteriores, aparecen unhas páxinas con pequenos fragmentos, sen identificar, pero extraídos dalgúns dos libros mencionados na guía de lectura.
- ⇒ Unhas páxinas para facer listaxes:
  - ✍ “Lista de espera”: títulos que lles gustaría ler.
  - ✍ “Libros na maleta”: títulos dos libros que van lendo, de calquera temática.
  - ✍ “Cazando topónimos”: destinadas a anotar nomes de lugares que aparecen nas lecturas
  - ✍ Algunhas outras, sen título, para un uso libre dentro da modalidade de listaxes.
- ⇒ “Títulos para non perderse”: selección de títulos de libros, discos, películas e enderezos electrónicos coa temática da viaxe.

En canto a propostas concretas, suxírense algunhas a título de exemplo:

- ⇒ Descrición dalgún dos personaxes da obra lida.
- ⇒ Debuxo e/ou descrición dalgún dos lugares nos que se desenvolve a acción.
- ⇒ Cambio do final do relato.
- ⇒ Carta ou correo electrónico ao autor ou autora do libro.
- ⇒ Redacción dunha noticia sobre algúns dos feitos acontecidos na obra.
- ⇒ Elaboración dun folleto turístico sobre un dos lugares descritos na historia.

Como xa se indicou, no interior do caderno de viaxe, os rapaces e rapazas van atopar uns fragmentos “anónimos”. Trátase de que identifiquen o título e o autor ou autora da obra da que foron extraídos. A intención é que, en cada centro, ben dende a biblioteca escolar, ben na aula, se organice un xogo ou concurso, do xeito que se estime máis oportuno, coa estipulación dunhas normas e a súa difusión, buscando sempre fórmulas motivadoras que favorezan a intriga (pódense proporcionar pistas nalgúns casos), a busca individual ou en equipos, consultas aos compañeiros e aos adultos, a procura a través de internet e, fundamentalmente, a lectura (as solucións daranse a coñecer a través do Portal Educativo –páxina de Bibliotecas escolares–, no terceiro trimestre do curso 2006/2007).

## Instrucións para evitar o naufraxio



Viaxar como mediadores con adolescentes por mares de lectura non sempre leva a bo porto, mais o medo ao naufraxio non ha deternos. Son moitos os factores que inciden no descenso dos índices de lectura nestas idades: os intereses mudan e o tempo dedicado ao estudo debe ampliarse, aumentan as ofertas de ocio de grande atractivo nas que ocupar o tempo (os SMS, os chats, a videoconsola, os xogos de rol, a televisión, o deporte, a música...), e o grupo de amigos cobra un especial protagonismo. A necesidade nestas idades de comunicarse cos iguais pode levar ao abandono dunha actividade como a lectura que esixe tempo, espazo axeitado e unha certa soidade, e que non ten un especial prestixio no seu mundo.

Aínda así, hai rapaces e rapazas que len: lectores asiduos que inclúen a lectura na súa vida cotiá; coñecer as súas motivacións para seguir lendo pódenos orientar para traballar neste ámbito.

Froito da experiencia e do estudo dos expertos, lémbrense algunhas cuestións que convén ter en conta á hora de abordar o fomento da lectura con adolescentes:

- ⇒ Coñecer as lecturas xeracionais, para poder recomendar os mellores títulos, abrir novas posibilidades de lectura..., sempre dende a aceptación das súas propostas.
- ⇒ Evitar as resistencias á lectura, indagando e incorporando as súas preferencias temáticas e de xéneros literarios.
- ⇒ Propoñer un abano aberto de lecturas, fronte a listaxes restrinxidas e con carácter obrigatorio (Daniel Pennac *dixit*: “O verbo ler non soporta o imperativo”).
- ⇒ Mostrarse como modelos de lector de diferentes tipos de textos.
- ⇒ Presentar e compartir as lecturas, tanto as dos mediadores, coma as dos lectores.
- ⇒ Integrar nas propostas os diferentes soportes (impresos: libros, mapas, revistas, xornais; electrónicos: vídeos, audios, DVD, cd-rom, internet...).



- ⇒ Non contrapoñer os medios, senón intégralos. Por outro lado, diversos estudos sobre hábitos culturais entre adolescentes amosan que aqueles que dispoñen de internet e ordenador na casa presentan índices de lectura máis altos; pola contra, a presenza de videoconsolas e o abuso da televisión vai asociado a índices de lectura máis baixos.

Algunhas das tácticas para xerar o gusto pola lectura nesta etapa, e que funcionan, son as seguintes:

- ⇒ Ler en voz alta o comezo dun libro ou dun capítulo, un poema, un fragmento motivador...
- ⇒ Realizar lecturas dramatizadas.
- ⇒ Falar dos libros: motivar conversas aparentemente informais sobre os libros lidos, fomentar as recomendacións entre os lectores, facilitar soportes ou tempos para esta actividade...
- ⇒ Animar á expresión da propia opinión sobre os libros lidos, ben redactando comentarios para páxinas especializadas de internet, para o blog da biblioteca ou a revista do centro.
- ⇒ Promover actividades lúdicas de expresión escrita sobre os textos lidos. Tamén se pode incitar á lectura a partir das propostas de escritura creativa, nas que se ofrecen textos como modelo. Di Víctor Moreno que “escribir é ler dúas veces”.
- ⇒ Abrir novos espazos á lectura informal na propia biblioteca: facilitar a lectura relaxada en tempo de lecer.
- ⇒ Promover a formación como usuarios da biblioteca, para que poidan seleccionar de forma autónoma as súas lecturas.
- ⇒ Presentar páxinas web, revistas ou páxinas especializadas dos xornais onde poden atopar información sobre literatura xuvenil.
- ⇒ Integrar os seus intereses máis próximos (deporte, actualidade, música, informática...) nas actividades de lectura e busca de información.
- ⇒ Xogar con elementos motivadores, como o misterio, o descoñecido, o inaccesible... A técnica de “prohibir” temporalmente a lectura dalgún título ou dificultar o seu acceso de forma intencionada ten dado moi bos resultados.

- ⇒ Promover o encontro entre lectores mediante o libro-fórum, os faladoiros ou os clubs de lectores que comparten experiencias de lectura na biblioteca e serven para o establecemento de vínculos persoais.
- ⇒ Organizar exposicións de libros e doutros materiais arredor dun tema, un autor, unha obra..., de xeito que os lectores coñezan os fondos da biblioteca.
- ⇒ Facilitar encontros con autores e ilustradores na biblioteca, tras o coñecemento da súa obra.
- ⇒ Promover actividades a partir da lectura dun libro (xogos, concursos, exposicións...; por exemplo, un xogo-concurso no que os lectores dun texto proposto deben responder a unha batería de preguntas anecdóticas para amosar o seu coñecemento ou demostrar a súa retentiva).
- ⇒ Diseñar dende a biblioteca actividades que inclúan xogos nos que os adolescentes teñan que relacionar textos cos seus autores, ilustracións coas obras das que foron extraídas, busca documental sobre diversos aspectos dun libro, un autor, unha temática...
- ⇒ Incluír o cine, tanto polo seu valor artístico e informativo, coma pola súa capacidade de motivar o acceso a textos literarios complexos.
- ⇒ Organizar unha comiteca, seleccionando títulos de calidade para ampliar a oferta máis aló dos títulos máis coñecidos..
- ⇒ Facilitar a elaboración de informes temáticos sobre cuestións que lles interesen ou que a marcha do curso indique.
- ⇒ Propoñer e organizar proxectos documentais integrados ou temáticos, de carácter interdisciplinar, nos que se conxuga o fomento da lectura de todo tipo de textos coa busca documental e a elaboración de traballos e produción de materiais informativos ou literarios.





# Itinerarios alternativos

Un texto, por moi breve que sexa, pode levarnos a moitos lugares. Utilizando a modo de exemplo o fragmento de *A expedición do Pacífico* (Marilar Aleixandre, Edicións Xerais) recollido no caderno de viaxe, propoñemos varios itinerarios que conducirán a outros gozos da lectura.

*Deixamos Río de Xaneiro en decembro de 1869 e comezamos a beirar a costa cara ao sur. Átrás foron quedando o Ecuador, máis alá de Baía, e os Trópicos, onde os oficiais mudaron de novo o uniforme branco de verán polo azul; atrás foi quedando a calor, a vexetación esplendorosa, a medida que cruzabamos paralelos de latitudes máis e máis elevadas, 25 graos sur, 30 graos sur, 35 graos sur, onde está situada Montevideo. Alí fixemos unha breve escala e o 10 de xaneiro de 1870 partimos en dirección ao cabo Hoorn, máis coñecido como cabo de Fornos, a punta máis meridional do continente americano, onde se encontran as augas dos dous océanos.*

1. No texto refírense unha serie de datos xeográficos. A partir deles:
  - ✎ Indicar nun mapamundi o lugar no que está a transcorrer a acción.
  - ✎ Localizar nun atlas o punto a 80 graos sur e 180 graos leste. Pódese consultar [http://go.hrw.com/atlas/span\\_hm/world.htm](http://go.hrw.com/atlas/span_hm/world.htm)
  - ✎ O texto di que é o mes de decembro, pero a tripulación leva uniforme de verán. Investigar as diferenzas estacionais entre o hemisferio norte e o hemisferio sur.
  - ✎ A tripulación cambia o uniforme branco de verán polo azul, a medida que van gañando en número de graos nas latitudes. Relacionar este feito cos paralelos e meridianos.
  - ✎ En Baía, en xaneiro, ¿é a estación seca ou a de choivas? Investigar cando se produce o maior número de furacáns e tormentas tropicais en América Central e América do Sur.
2. Propoñer unha narración, en primeira persoa, na que o barco conta as súas sensacións: como lle senta o cambio de temperatura a medida que van baixando cara á Patagonia, as madeiras rinchan, as veas conxélanse, o temón é difícil de manexar...
3. Escribir a noticia que se podería publicar no xornal se, despois dunha forte tormenta e da néboa, o navío *Resolución* encallase nos escollos do estreito de Magalhães.

O traballo a partir da lectura dun libro pode suxerir diferentes actividades. Tomando como exemplo novamente *A expedición do Pacífico*, refírense algunhas actividades- tipo que poden adaptarse a moitas outras obras e que inclúen aspectos creativos e curriculares:

- ⇒ Trazar nun mapa mudo o percorrido da expedición dende as terras de Nemancos ata o seu regreso.
- ⇒ Buscar instrumentos de navegación e indicar cales existían na época da novela e cales foron inventados con posterioridade.
- ⇒ Emilia é unha rapaza que decide emprender unha aventura e, coma ela, toda unha serie de mulleres foron viaxeiras nunhas épocas nas que o costume era que estas quedasen na casa. Algunhas delas foron: Lady Hester Stahhope, Isabel Burton, Isabelle Eberhardt, May Sheldon, Inés Suárez, Mary Kingsley, Isabella Bird, Ida Pfeiffer... Para buscar información sobre elas poden acudir ás obras de referencia da biblioteca e, máis especificamente, a estas fontes:
  - ✍ O libro de Cristina Morató: *Las reinas de África*, Plaza & Janés, 2003.
  - ✍ [www.trotamundas.com](http://www.trotamundas.com)
  - ✍ Na webquest sobre o tema: [www.elkarrekin.org/elk/8marzo](http://www.elkarrekin.org/elk/8marzo)
- ⇒ A protagonista utiliza o correo electrónico e decide contestarlle á carta que a súa nai lle envía no capítulo V.
- ⇒ A flora e a fauna están sempre presentes neste libro. Elaborar unha listaxe das plantas e animais referidos e investigar cal é o seu hábitat.
- ⇒ No capítulo cuarto da novela fábase da invasión de Portugal a mans de Napoleón e, tamén, dun importante pintor español, Goya. Localizar obras deste pintor e comprobar como nas súas obras aparece reflectida a guerra dos españois contra os franceses.
- ⇒ Na obra refírense multitude de científicos: Darwin, Pasteur... Buscar información sobre eles e os seus descubrimentos. Por exemplo, na páxina: <http://www.arrakis.es/~alcrique/darwin.htm>
- ⇒ Se Emilia na actualidade montase unha axencia de viaxes, ¿como promovería os percorridos que ela xa realizou noutro tempo?
- ⇒ Emilia escribe o seu *blog* (ou bitácora), no que narra non só as súas experiencias no barco, senón tamén as súas lecturas durante a travesía.



- ⇒ Escribir os diálogos dun *chat* no que participen Emilia, Diego e o lector da obra.
- ⇒ Escribir a recensión sobre a obra (para iso, utilizaremos como modelos as publicadas en CLIJ, Fadamorgana, [www.sol-e.com](http://www.sol-e.com) ou [www.filix.org](http://www.filix.org)).
- ⇒ Organizar unha sesión de libro-fórum (ou ben un faladoiro ou no club de lectores, se existe), na que se incida nos aspectos técnicos da novela: organización da materia narrativa e os temas tratados nela (por exemplo: o coñecemento do home europeo fronte aos nativos, a importancia do diñeiro ou a presenza da morte).



## Bitácoras

A imitación dos diarios de navegación xurdiron dende hai algún tempo, en internet, os *blogs* ou bitácoras, uns cadernos persoais na rede, nos que o autor ou autora publica as súas opinións, comentarios, creacións, informacións, ligazóns preferidas... Unha das características máis interesantes destes *blogs* é a posibilidade de que os lectores poidan incorporar as súas opinións a cada un dos temas expostos, co que a bitácora se vai enriquecendo de forma colectiva. Poden conter texto, pero tamén fotografías, vídeos, audio... Son actualizadas con moita frecuencia e organizan a súa información cronoloxicamente.

A difusión que acadou nos últimos anos este tipo de publicacións vén dada pola súa potencialidade comunicativa, a súa facilidade de creación (existen en internet varias páxinas gratuítas que posibilitan a posta en marcha de *blogs* mediante modelos predeseñados) e de consulta. Os autores recomentan outras bitácoras da mesma temática e, deste xeito, mediante a consulta enlazada, vanse conformando comunidades de *blogs*.

As bitácoras ofrecen o atractivo de internet e un soporte áxil que combina textos breves e imaxes, xunto co valor engadido da visión persoal do seu autor. Son unha ferramenta de grande interese no ámbito educativo porque reúnen o traballo de lecto-escritura tradicional, coas vantaxes das tecnoloxías da comunicación:

- ⇒ Os alumnos séntense motivados a presentar textos correctos para que sexan ben interpretados.
- ⇒ Acostúmanse a argumentar as súas opinións e a valorar os comentarios dos outros.
- ⇒ Resultanlles moi gratificantes, porque saben que o seu traballo vai ser difundido inmediatamente fóra do centro, agardando con expectación os posibles comentarios.
- ⇒ Dependendo sempre de como se organice o proceso, poden facilitar o traballo en equipo e a colaboración entre distintos grupos do mesmo ou doutros centros.



Esta ferramenta pode ser empregada para o fomento da lectura e da escritura dende a biblioteca escolar, procurando a integración de actividades que se leven a cabo en distintos momentos e lugares do centro educativo.

En consonancia co caderno de viaxe que recibe o alumnado no contexto desta campaña de lectura, *Ler o mundo*, propónse a creación dunha bitácora dende a biblioteca escolar, que facilite:

- As recomendacións de libros lidos por parte dos propios alumnos e alumnas.
- As propostas de lectura por parte do profesorado.
- A difusión dos traballos escritos ou plásticos que se elaboren a partir de lecturas.
- A divulgación das actividades de animación a lectura da biblioteca ou doutras institucións próximas ao centro.
- A consulta, a través de ligazóns, doutros *blogs* relacionados coa lectura ou coas bibliotecas.
- A publicación de pistas para o xogo de textos, incluído neste caderno.

O alumnado destas idades é moi receptivo a este tipo de propostas; mesmo algúns poden ter xa a súa propia bitácora. Á hora de animar á lectura e á escritura, non podemos quedar alleos á potencialidade desta ferramenta e, dende o centro educativo, podemos facilitar os recursos e a formación que evite a brecha dixital que xa se está a dar entre a poboación nova, entre aqueles que teñen acceso a estes medios e os que carecen deles.

Para os lectores, ademais, os *blogs* supoñen:

- ⇒ Unha posibilidade de recomendar lecturas e emitir opinións que sexan lidas polos seus iguais.
- ⇒ Engadir a súa opinión a outras xa publicadas noutros *blogs*.
- ⇒ Consultar novidades e acceder a información complementaria á da prensa habitual, suplementos ou revistas culturais.
- ⇒ Achegarse á actualidade, a través dun medio de comunicación alternativo.
- ⇒ Compartir gustos e preferencias con outros lectores.
- ⇒ Facilitar o intercambio *boca orella* en temas de lectura, cunha enorme capacidade de difusión.


Algúns centros educativos teñen xa os seus propios *blogs*. Recoméndase a visita de:

<http://biblioweb.blogspot.com/> *Blog* da biblioteca do IES As Mariñas de Betanzos. Ofrece unha listaxe de *blogs* en español sobre temas científicos e relativos ao mundo da educación.

<http://www.bibliolaxe.blogspot.com> *Blog* da Biblioteca do IES Auga da Laxe (Gondomar)

<http://mensaxenunhabotella.blogspot.com/> *Blog* do grupo de técnicas de expresión escrita do IES Daniel Buján (Cambre)

<http://blogs.lavozdelaescuela.es/blog/aula0664/> *Blog* dos alumnos do programa de diversificación curricular do IES Auga da Laxe.



# Clubs de lectura

---

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito lector entre os adolescentes é o club de lectura, porque inclúe varias das condicións das que se falaron antes como necesarias para motivar os lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, opinións, emocións e descubrimentos sobre as súas lecturas.

Formar un club de lectores na biblioteca consiste, basicamente, en atraer un grupo de rapaces e rapazas que desexen compartir as súas experiencias lectoras, coa mediación dun adulto que conduza todo o proceso. O espazo natural para o club de lectores será a biblioteca escolar, e os tempos axeitados para a súa celebración dependen das posibilidades de cada grupo (recreos, tempos non lectivos). O número de integrantes non debe ser excesivo: entre cinco e quince lectores, como máximo.

O elemento vertebrador do club de lectores é a persoa mediadora. Indiscutiblemente, ten que ser unha persoa lectora, que estea disposta a ocupar parte do seu tempo en promover unha actividade deste tipo. Non ten por que ser un profesor das áreas de lingua, nin tampouco o responsable da biblioteca. A súa función inclúe dende a selección dos títulos para ler, a elección da mellor forma para conseguir exemplares destes títulos, a organización das sesións, a publicidade desta proposta, a oportunidade das diversas convocatorias, o control dos tempos, a moderación dos participantes e a difusión das achegas do grupo, se é o caso. Debe, ademais, facerse permeable ás opinións e preferencias dos participantes, integrando os seus gustos e propoñendo, á vez, temáticas e autores que lles permitan avanzar como lectores.

A cuestión dos lotes de libros, en número suficiente para todos os participantes, acostuma ser un dos inconvenientes máis recorrentes. Hai distintas posibilidades que eviten a adquisición obrigada por parte da biblioteca escolar dun número excesivo de cada un dos títulos seleccionados, en detrimento da variedade e diversidade da colección:

- ⇒ Adquirir un número limitado de exemplares dun determinado título (2-4 exemplares).
- ⇒ Contactar coas bibliotecas escolares dos centros máis próximos e establecer uns acordos de colaboración para a posta en marcha (entre outras posibles actuacións conxuntas) de clubs de lectura, seleccionando títulos para ler, repartindo a adquisición dos lotes necesarios, intercambiando estes lotes e coordinando os préstamos destes.
- ⇒ Solicitar da biblioteca municipal a colaboración para o préstamo ou a adquisición, se é o caso, dalgúns exemplares dos títulos escollidos. Hai xa por toda Galicia diversos clubs de lectura, creados en bibliotecas públicas, que contan con lotes de libros para esta actividade (ver *Clubs de Lectura*, de Cecilia Monllor, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, col. Anel, 2004).

As reunións do club de lectores seguirán unha serie de normas establecidas polos integrantes do club:

- ⇒ Os membros do club comprométense á lectura da obra escollida e a asistir ás reunións na data sinalada.
- ⇒ En cada reunión, os membros do club ou o mediador establecerán o tramo de lectura para a seguinte cita. Se un membro decide avanzar máis rápido do marcado, comprométese a non adiantar esta información.
- ⇒ Unha vez á semana, cada quince días ou ao mes, os lectores dun mesmo libro reuniranse para comentar o seu avance na obra ou a descuberta dos parágrafos que lle resultaron máis salientables, compartir os significados, as opinións sobre o lido, as emocións xurdidas, etc.

Todo o anterior responde a unha fórmula concreta e xa moi probada de club de lectores, pero nun centro educativo poderían poñerse en xogo outras fórmulas máis abertas: por exemplo, propoñer dende a biblioteca, e coa participación dos lectores que así o decidan, unha serie de títulos para ler ao longo dun período escolar, normalmente, un título por mes. Difundir a través de todos os medios (taboleiro, páxina web, panfletos, *blogs* persoais...) o “título do mes” e posibilitar do mesmo xeito que no caso anterior o acceso aos exemplares propostos. As persoas máis implicadas (equipo da biblioteca, persoa coordinadora, lectores máis interesados) motivarán comentarios sobre a obra lida nos espazos e tempos informais (cafetería, corredores, patio...), integrando no posible toda a comunidade





escolar. Deste xeito, irase creando un ambiente proclive ao feito lector, polos elementos afectivos e de vínculo que se poñen en xogo. Simultaneamente, a biblioteca proporcionará soportes (impresos, electrónicos, radiofónicos...) para a comunicación de opinións, comentarios e recomendacións sobre os libros lidos. Esta forma aberta de club de lectores funciona con éxito nalgúns centros escolares (ver <http://www.alburquerque.net/ies/>).

## Libros viaxeiros

---

Unha das propostas de animación á lectura de máis impacto no eido internacional, pola súa difusión a través da rede, é a coñecida como *bookcrossing*, ou liberación dun libro en distintos lugares públicos, coa intención de que un posible lector o leve canda el e, despois da súa lectura, volva liberalo, o que facilita que o libro continúe a súa viaxe. *Bookcrossing* naceu en Estados Unidos e estendeuse por todo o mundo grazas á súa páxina web <http://bookcrossing.es/>. Os lectores rexistran os libros nesta páxina, etiquétanos para identificalos e déixanos en espazos nos que outros lectores os poidan atopar. Quen entra no xogo debe seguir as instrucións da etiqueta identificativa e anotar no historial do libro atopado os datos que permitan facer o seu seguimento consultando a páxina web.

Proponse unha adaptación desta idea orixinal para a súa utilización en centros educativos, tanto pola súa potencialidade para motivar á lectura, como pola súa oportunidade no contexto desta campaña. A proposta de libros viaxeiros restrinxirase, pois, ás instalacións de cada centro e á comunidade educativa correspondente.

Unha posible fórmula para botar a andar esta proposta sería a seguinte:

- ⇒ A iniciativa partirá da biblioteca escolar, con motivo dunha data puntual, dunha campaña de lectura, aproveitando a presenza dun autor, a organización dunha exposición ou simplemente como acción-sorpresa.
- ⇒ Escollerase aquel título ou títulos que interese dar a coñecer e dos que haxa máis dun exemplar (libros doados, libros repetidos, libros moi lidos...); mesmo se poden adquirir de segunda man.

- ⇒ Identifícase unha etiqueta deseñada para a actividade, cos datos necesarios para facerlle o seguimento.
- ⇒ Liberarase, é dicir, deixarase nun punto do centro no que os posibles lectores o poidan atopar.
- ⇒ Cómpre iniciar esta actividade cunha campaña de difusión mediante carteis ou outros medios.
- ⇒ Achégase un material específico para o seguimento desta actividade: un cartel que, a modo de plano de metro, permitirá coñecer a viaxe dos libros. Este cartel colócase na biblioteca ou espazos próximos. A cada libro asignaráselle unha liña de cor, indicando o título no espazo correspondente. Nas estacións, marcadas cun círculo, íranse anotando cada un dos lectores participantes no xogo. O último lector de cada liña remitirá o libro á estación central, é dicir, á biblioteca escolar.
- ⇒ Posteriormente, unha vez coñecida a dinámica da actividade, os propios lectores poden liberar os seus libros.

Evidentemente, cada biblioteca escolar, á vista desta proposta, introducirá as variantes que considere máis axeitadas.



# Títulos para non perderse:

## guía de lecturas sobre viaxes

---

Propóñense baixo esta epígrafe unha serie de títulos de libros e outros materiais que teñen en común a temática das viaxes. Recóllense textos en lingua galega e lingua castelá e de diferente nivel de dificultade. Para orientar o profesorado no seu labor de mediadores, e tamén o alumnado na súa busca persoal de lecturas, sinaláanse cun asterisco os libros que chamariamos para “viaxes organizadas”, aqueles que polo seu nivel de dificultade esixen certa experiencia lectora e, se é o caso, motivación e apoio por parte dun compañeiro ou doutra persoa mediadora.

- Alcolea, Ana: *El medallón perdido*, Madrid: Anaya, 2001. 1º C\* (cast.)
- Aleixandre, Marilar: *A expedición do Pacífico*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2005. (gal.)
- Allende, Isabel: Triloxía: *La ciudad de las bestias, El Reino del Dragón de Oro, El Bosque de los Pígmegos*, Barcelona: Debolsillo, 2005\*. (cast.)
- Almodóvar, A.R.: *El bosque de los sueños*, Madrid: Siruela, 2006. (cast.)
- Alonso, Fran: *Cidades*, Vigo: Xerais-Merlín, 1997. (gal.)
- Babarro, Xoán: *As vacacións máxicas de John Liberty*, Santiago: Obradoiro-Santillana, 1999. (gal.)
- Barrie, James: *Peter Pan*, Vigo: Galaxia-Árbores, 1989. (gal.)
- Barril, Joan: *Tódolos portos se chaman Helena*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2000. (gal.)
- Boix, Armando: *El sello de Salomón*, Madrid: SM, 1998. (cast.)
- Brennan, Herbie: *O portal dos elfos*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2005\*. (gal.)
- Byng, G.: *Molly Moon viaja a través del tiempo*, Madrid: SM, 2005. (cast.)
- Caamaño, Adolfo: *O paxaro do mel*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2006\*. (gal.)
- Carballeira, Paula: *Smara*, Pontevedra: Kalandraka-Seteleguas, 2006. (gal.)
- Carroll, Lewis: *Alicia no país das maravillas*, Vigo: Xerais-Xabarin de ouro, 2002\*. (gal.)
- Caslderrey, Fina: *iAsústate, Merchel*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 1996. (gal.)
- Chambers, Aidan: *Postales dende tierra de nadie*, Barcelona: El Aleph, 2001\*. (cast.)
- Climent, Paco: *El aprendiz de Stanley*, Barcelona: Ediciones del Bronce-Jóvenes del Bronce, 1999. (cast.)
- Dahl, Roald: *Voando só*, Santiago: Obradoiro-Santillana, 1990. (gal.)
- De la Bandera, M.ª del Carmen: *África en el corazón*, Barcelona: Magisterio Casals, 2004\*. (cast.)
- Delam, Heinz: *La selva prohibida*, Madrid: Bruño, 1997. (cast.)
- Delgado, Josep-Francesc: *Sagarmatha*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2005. (gal.)
- Docavo Alberti, Nacho: *Murió por los pelos*, Madrid: SM, 1996. (cast.)

- Dorfman, Ariel e Joaquín: *A cidade en chamas*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2005. (gal.)
- Durrell, Gerald: *O pícnic*, Madrid: Obradoiro-Santillana, 1996. (gal.)
- Ende, Michael: *La historia interminable*, Madrid: Alfaguara, 1978. (cast.)
- Eisner, Will: *Moby Dick*, Barcelona: Norma, 1998. (cast.) [Cómic]
- Féraud, Marie: *Anne aquí, Sélima allí*, Madrid: Alfaguara, 1993. (cast.)
- Fernández Gabaldón, Susana: *Caravansarai*, Barcelona: Magisterio Casals, 2003\*. (cast.)
- Fernández Gabaldón, Susana: *Más allá de las tres dunas*, Barcelona: Magisterio Casals, 2004\*. (cast.)
- Fleishman, Sid: *Jingo Django*, Barcelona: Ediciones B, 1999. (cast.)
- Funke, Cornelia: *El señor de los ladrones*, Barcelona: Destino, 2003. (cast.)
- Gaarder, Jostein/Hagerup, Klaus: *La biblioteca mágica de Bibbi Bokken*, Madrid: Siruela, 2001. (cast.)
- Gallego, Laura: *La leyenda del Rey Errante*, Madrid: SM, 2005. (cast.)
- Gardella, M.ª Angels: *Os ollos de dragón*, Vigo: Galaxia, 1989. (gal.)
- Gaudé, Laurent: *El legado del rey Tsongor*, Barcelona: Salamandra, 2003\*. (cast.)
- Giovannoli, Renato: *Los ladrones del Santo Grial*, Madrid: SM, 1998. (cast.)
- Gisbert, Joan Manuel: *O mago de Esmirna*, Madrid: Anaya-O trasño verde, 1991. (gal.)
- Goscinny/Uderzo: *Astérix* (toda a serie), Barcelona: Salvat, (a maioría dos títulos en galego) [Cómic]
- Hearn, Lian: *Leyendas de los Otori* [triloxía], Madrid: Alfaguara, 2002. (cast.)
- Hendry, Frances Mary: *Cadenas*, Madrid: SM, 2001\*. (cast.)
- Hergé: *As aventuras de Tintín* (toda a serie), Barcelona: Juventud, 1989 (tradución de Valentín Arias) (gal.) [Cómic]
- Ibbotson, E.: *Maia se va al Amazonas*, Barcelona: Salamandra, 2002. (cast.)
- Jaureguizar: *A ruta corsaria*, Vigo: Xerais-Fóra de xogo, 1998\*. (gal.)
- Kerr, Judith: *Cando Hitler roubou o coello rosa*, Madrid: Obradoiro-Santillana, 1990. (gal.)
- Lalana, Fernando: *El paso del estrecho*, Madrid: Bruño, 1999. (cast.)
- Larrea, Miguel: *Las andanzas de Kip Parvati*, Barcelona: La Galera, 2004\*. (cast.)
- Lembecke, Marjaleena: *Y más allá, el mar*, Madrid: SM. 2000. (cast.)
- Lewis, C.S.: *Las crónicas de Narnia (serie)*, Barcelona: Planeta, 2005. (cast.)
- London, Jack: *Polos mares do sur*, Vigo: Sotelo Blanco, 2004\*. (gal.)
- Lope, Manuel de: *Los cañones de Durango*, Madrid: Alfaguara, 1997. (cast.)
- Loureiro, Ánxela: *Camiño perigoso*, Vigo: Xerais, 2002. (gal.)
- Mankell, Henning: *Viaje al fin del mundo*, Madrid: Siruela, 2004. (cast.)
- Marcos, Xesús Manuel: *O Brindo de ouro. I. A chamada do Brindo*, Vigo: Xerais, 2004\*. (gal.)
- Martín Gaité, Carmen: *Caperucita en Manhattan*, Madrid: Siruela, 1998. (cast.)
- Martínez Menchén, Antonio: *Con el viento en las velas*, Madrid: Alfaguara, 1997. (cast.)
- Martínez Menchén, Antonio: *La espada y la rosa*, Madrid: Alfaguara, 1993. (cast.)
- Méndez Ferrín, X.L.: *Arnoia, Arnoia*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 1997\*. (gal.)
- Merino, José María: *El oro de los sueños*, Madrid: Alfaguara, 1998. (cast.)
- Merino, José María: *La tierra del tiempo perdido*, Madrid: Alfaguara, 1998. (cast.)
- Merino, José María: *Las lágrimas del sol*, Madrid: Alfaguara, 1996. (cast.)
- Merino, José María: *No soy un libro*, Madrid: Siruela, 1997. (cast.)



- Moebius: Blueberry (serie), (por exemplo: *Gerónimo el Apache*), Barcelona: Norma, 2000. (cast.) [Cómic]
- Molina, M.<sup>a</sup> Isabel: *De Victoria para Alejandro*, Madrid: Alfaguara, 1998. (cast.)
- Molina, M.<sup>a</sup> Isabel: *El señor del cero*, Madrid: Alfaguara, 1998. (cast.)
- Nancy Farmer: *El mar de los trolls*, Barcelona: Destino, 2005. (cast.)
- Neira Cruz, Xosé A.: *Valdemuller*, Madrid: SM-Barco de Vapor, 1998. (gal.)
- Paolini, Christopher: *Eragon*, Barcelona: Roca, 2004. (cast.)
- Paterson, Katherine: *El signo del crisantemo*, Madrid: SM, 1999. (cast.)
- Paver, Michelle: *Hermano Lobo. Crónicas de la prehistoria*, Barcelona: Salamandra, 2005\*. (cast.)
- Pérez Navarro, Francisco (escritor) e Munuera, José Luis (ilustrador): *Los Potamoks. Terra incógnita*, Barcelona: Glénat, (col. Los Potamoks), 2001. (cast.) [Cómic]
- Poe, Edgar Allan: *Aventuras de Arturo Gordon Pym*, Barcelona: Magisterio Casals, 1989. (cast.)
- Polo, Marco: *Libro de las maravillas*, Madrid: Anaya, 1984\*. (cast.)
- Pullman, Philip: [Triloxia]: *La materia oscura: Luces del Norte, La daga, El catalejo lacado*, Barcelona: Ediciones B, 1997, 1998, 2001\*. (cast.)
- Pratt, H.: *Corto Maltés* (toda a serie), Barcelona: Norma\* (cast.) [Cómic]
- Queizán, M.<sup>a</sup> Xosé: *O segredo da Pedra Figueira*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2003. (gal.)
- Romeu, Carlos: *Tristán en Egipto*, Madrid: SM, 1998. (cast.)
- Saint-Exupéry, A.: *O principião*, Vigo: Galaxia-Árbore, 2000. (gal.)
- Saint-Exupéry, A.: *Voo de noite*, Vigo: Xerais, 1989\*. (gal.)
- Sanz, Blanca: *Viaje a la Gascaña*, Zaragoza: Edelvives, 1994. (cast.)
- Schwarz, A.: *Baixo o luar do acantilado*, Santiago: Sotelo Blanco, 2002. (gal.)
- Sepúlveda, Luis: *Mundo del fin del mundo*, Barcelona: Tusquets, 1999. (cast.)
- Sibley, B. / Howe, J.: *De una ida y de una vuelta: El mapa de El Hobbit*, Barcelona: Minotauro, 1995. (cast.)
- Skármeta, Antonio: *No pasó nada*, Barcelona: Plaza & Janés, 1996. (cast.)
- Sutcliff, Rosemary: *Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea*, Barcelona: Vicens Vives, 1998. (cast.)
- Tébar, Juan (adaptador): *Contos das 1001 noites*, Vigo: Xerais, 2001. (gal.)
- Tolkien, J.R.R.: *O hobbit*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2003. (gal.)
- Toro, Xelis de: *The Corunna boats*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2004. (gal.)
- Van Hamme, Jean (escritor), Rosinski (ilustrador): *Thorgal. Aracnea*, Barcelona: Norma, (colección Pandora), 1999. (cast.) [Cómic]
- Vázquez Chantada, Francisco: *Crónica de Ofiusa*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2003. (gal.)
- Velasco, José Luis: *El guardián del paraíso*, Madrid: SM, 2001. (cast.)
- Verne, Jules: *A Illa do Tesouro*, Vigo: Xerais-Xabarán de ouro, 2003. (gal.)
- Verne, Jules: *A volta ao mundo en 80 días*, Vigo: Baía, 2005\*. (gal.)
- Zubizarreta, Patxi: *De fel e de mel*, Vigo: Xerais-Fóra de Xogo, 2001\*. (gal.)

## Rodando:

Breve selección de películas con temática de viaxe, de interese para o alumnado destas idades:

- Astérix (con actores) *Obélix contra César* (1998) Dir. Claude Zizi, *Astérix e Obélix: Misión Cleopatra*. (2002) Dir. Alain Chabat.
- Astérix (en animación): *Astérix o galo* (1967), *Astérix e Cleopatra* (1968), *Os doce traballos de Astérix* (1976), *Astérix e a sorpresa de César* (1985), *Astérix e os bretóns* (1986), *A gran loita* (1989), *A gran travesía* (1995)
- *Diarios de motocicleta*, Dir. Walter Salles, DeAPlaneta, 2004.
- *El castillo ambulante*, Dir. Hayao Miyazaki, Disney, 2005.
- *El viaje de Chihiro*, Dir. Hayao Miyazaki, Disney, 2001.
- *La vuelta al mundo en 80 días*, Dir. Frank Coraci, Disney, 2004.
- Tintín (animación, algúns títulos): *Tintín en América*, *La isla negra*, *El país del oro negro*, *Objetivo: la Luna*, *Aterrizaje en la Luna*, *El templo del sol*, *El lotus azul*, *Tintín en el Tíbet*, *Vuelo 714 a Sidney*

## Banda sonora:

- Ali Farka Toure/ Ri Cooder: *Talking Timbuktu*, World Circuit, 1994. (Malí-EEUU)
- Vicente Amigo: *Ciudad de las ideas*, BMG, 2000. (España, flamenco)
- Arnaldo Antunes, Carlinhos Brown e Marisa Monte: *Tribalistas*, EMI, 2002. (Brasil)
- Joan Bibiloni: *Cassette recording*, Swingmedia, 1989. (Música do Mediterráneo)
- Richard Bona: *Scenes from mi life*, Sony Music, 1999. (Camerún)
- Carlinhos Brown: *Alfagamabetizado*, EMI ODEON, 1996. (Brasil)
- Chico César: *Aos vivos*, Velas, 1995. (Brasil)
- Jorge Drexler: *Frontera*, Virgin, 1999. (Uruguay)
- Farafina: *Faso Denou*, Realworld, 1993. (Burkina Faso)
- Gilberto Gil: *Ao vivo em Tóquio*, Warner Music. (Brasil)
- Adam Gtaracki: *Jewish lullabies*, Studio Grelcom, 2005. (Judía. Klezmer)
- Guinga: *Cheio de dedos*, Velas, 1996. (Brasil)
- Hamza El Din: *Muwashshah*, JVC, 1995. (Exipto)
- Harem II: *Time of Rhythm*, Mega Müzik, 2003. (Turquía)
- Hedningarna: *Trä*, Resistencia, 1995. (Finlandia)
- Maria João/ Mario Laginha: *Chorinho feliz*, Verve, 2000 (Portugal)
- Kepa Junkera: *Bilbao 00:00h*, Resistencia, 1998. (Euskadi)
- Maria Kalaniemi: *Ahma*, Rockadillo Records, 1999. (Finlandia)
- Salif Keita: *The Mansa of Mali*, BMG, 1994. (Malí)
- Khaled: *Sahra*, Barclay, 1996. (Arxelia)
- La bottine souriante: *En spectacle*, Resistencia, 1998. (Canadá, francés)
- Né Ladeiras: *Todo este céu*, Sony Music, 1997. (Portugal)
- Ladysmith Black Mambazo: *Gift of The Tortoise*, Timbuktu Records, 1994 (Sudáfrica)
- Lokua Kanza: *Lokua Kanza*, BMG, 1993 (República Democrática de Congo (Zaire))
- Milton Nascimento: *Angelus*, Warner Bros Records, 1993. (Brasil)



- Orchestre National de Barbès: *En concert*, Virgin, 1997. (Francia-Magreb)
- Oskorri: *Marijane Kanta zan!*, Elkarlanean, 1997. (Euskadi)
- Marta Sebestyén: *The best of Marta Sebestyén*, Rykodisc, 1997. (Hungría)
- Silvia Torres: *Silvia Torres*, Batimacumba, 1999. (Brasil)
- Yulduz Usmanova: *Binafscha*, BMG, 1996. (Uzbekistán)
- Varios autores: *Balkanmusic. El tiempo de los gitanos*, Nuba records, 2005. (Balcáns)
- Varios autores: *Côus Côus Béat*, Nascente, 2000. (Magreb)
- Varios autores: *Dublin to Dakar. A celtic odyssey*, Putumayo, 1999. (Música do mundo)
- Varios autores: *French café*, Putumayo World Music, 2003. (Francia)
- Varios autores: *Hemisphere No More*, EMI Records, 1995. (Música do mundo)
- Varios autores: *Mali to Memphis*, Putumayo World Music, 1999. (Mali-EEUU)
- Varios autores: *Mississippi blues*, Putumayo World Music, 2001. (EEUU)
- Varios autores: *Naciones celtas I, II, III*, Fonomusic, 1998. (Música dos países celtas)
- Varios autores: *ROOTS, REELS+RHYTHMS A scots fusion experience*, Nascente, 2000 (Escocia)
- Varios autores: *The Rough Guide to West African Music*, World Music Network, 1995. (África)

## Banda ancha:

- <http://earth.google.es/> (Unha fiestra pola que mirar o planeta)
- [http://go.hrw.com/atlas/span\\_html/world.htm](http://go.hrw.com/atlas/span_html/world.htm) (Acceso a mapas)
- <http://www.filix.org> (Páxina de literatura infantil e xuvenil en galego)
- <http://www.galiciaencantada.com> (Enciclopedia da fantasía popular galega, coordinada por Antonio Reigosa)
- <http://www.libroadicto.com> (Libros recomendados polos propios adolescentes)
- <http://www.ourizoazul.org> (Literatura infantil e xuvenil galega. Consellería de Cultura e Deporte)
- <http://www.sol-e.com> (Páxina de literatura infantil e xuvenil; servizo de orientación lectora; busca temática)
- <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/> (Páxina de acceso aos catálogos das bibliotecas escolares e públicas integradas no Proxecto Meiga)



## Bibliografía e recursos

- CIDE (Centro de Investigación y Documentación Educativa): *Los hábitos lectores de los adolescentes españoles*, Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2003.
- Cassany, Daniel: *Tras las líneas. Sobre la lectura contemporánea*, Barcelona: Anagrama (col. Argumentos), 2006.
- Equipo Peonza: *El rumor de la lectura*, Madrid: Anaya, 2001.
- Favret, Hafida; Lerasle, Magdeleine: *A la sombra del olivo. El Magreb en 29 canciones infantiles*, Kókinos, 2005. Un libro, un CD. Tradución e adaptación: Miguel Ángel Mendo.
- Fundación Germán Sánchez Ruipérez: *¿Nuevas lecturas? ¿Nuevas formas de leer? Lectura y escritura multimedia en las bibliotecas públicas y escolares. (XIII Jornadas de Bibliotecas Infantiles, Juveniles y Escolares)*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2005.
- Fundación Germán Sánchez Ruipérez: *Animar a escribir para animar a leer (VI Jornadas de Bibliotecas Infantiles y Escolares)*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1999.
- González, Arsenio Manuel: *Escuchar, hablar, leer y escribir (Actividades con el lenguaje)*, Madrid: Ediciones de la Torre, 2000.
- Marina, José Antonio e Válgoma, María de la: *La magia de leer*, Barcelona: Plaza & Janés, 2005.
- Mascato, Antón (dir.): *Atlas Xeográfico Cumio de Galicia e do Mundo*, Vigo: Edicións do Cumio, 2005.
- Mata, Juan: *Como mirar a la luna. Confesiones a una maestra sobre la formación del lector*, Barcelona: Graó, 2005.
- Méndez Fernández, Luz: *¿Por que se chama así este sitio? Significado dos nosos nomes de lugar*, Santiago de Compostela: Lea, 2000.
- Monllor, Cecilia: *Clubs de lectura*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004.
- Moreno, Víctor: *El deseo de escribir. Propuestas para despertar y mantener el gusto por la escritura*, Pamplona: Pamiela, 1994.
- Moreno, Víctor: *El deseo de leer. Propuestas creativas para despertar el gusto por la lectura*, Pamplona: Pamiela, 1994. (1.ª edición 1985).
- Moreno, Víctor: *Va de poesía. Propuestas para despertar el deseo de leer y escribir poesías*, Pamplona: Pamiela, 1998.
- Pennac, Daniel: *Como una novela*, Barcelona: Anagrama, 1993.
- Petit, Michèle: *Nuevos acercamientos a los jóvenes y la lectura*, México: Fondo de Cultura Económica, 1999.
- *Revista Nacional Geographic* (España)
- Rodari, Gianni: *Gramática da fantasía*, Pontevedra: Kalandraka, 1999.
- Timbal-Duclaux, Louis: *Escritura creativa. Técnicas para liberar la inspiración y métodos de redacción*, Madrid: Edaf, 1993.

### Na rede:

- <http://contidos.edu.xunta.es/biblioteca/index.php> Guía de recursos para as bibliotecas escolares. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- [http://go.hrw.com/atlas/span\\_htm/world.htm](http://go.hrw.com/atlas/span_htm/world.htm) Acceso a mapas diversos.
- <http://www.amigosdelibro.com> Asociación Española de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil.
- <http://www.bienvenidosalafiesta.com> Blog e diccionario de literatura infantil e xuvenil.





- <http://www.filix.org> Literatura infantil e xuvenil en galego.
- <http://www.fundaciongsr.es/> Fundación Germán Sánchez Ruipérez, dedicada á promoción da lectura e da literatura infantil e xuvenil.
- <http://www.fundalectura.org.co> Páxina colombiana para a promoción da literatura infantil e xuvenil.
- <http://www.galix.org> Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.
- <http://www.imaginaría.com.ar> Boletín quincenal, de Arxentina, sobre literatura infantil e xuvenil.
- <http://www.literaturas.com/08LibrosdeviajesliteraturasyviajesJulio2003.htm> A volta ao mundo en 80 libros de viaxe.
- <http://www.revistababar.com> Revista de literatura infantil e xuvenil
- <http://www.sol-e.com> Servizo de orientación lectora mantido pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez e co apoio do Ministerio de Cultura.
- <http://www.viatgeaddictes.com/es/lilibres.php> Libros de viaxes.
- <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org> (Páxina de acceso aos catálogos das bibliotecas escolares e públicas integradas no Proxecto Meiga).

### Bibliotecas virtuais

- <http://bibliotecasvirtuales.com/> Textos literarios diversos.
- <http://www.bivir.com/> Biblioteca virtual de literatura universal en galego.
- <http://bvg.udc.es/index.jsp> Biblioteca Virtual Galega. Universidade da Coruña.
- <http://www.cervantesvirtual.com/index.jsp> Biblioteca virtual Miguel de Cervantes. Ligazóns de interese.
- <http://www.icdlbooks.org> Acceso a textos de literatura infantil e xuvenil en inglés.

### Clubs de lectura e blogs

- <http://travesia.mcu.es/receta.asp> Artigo de Blanca Calvo sobre como formar un club de lectura.
- <http://bcn.es/bibliotecas/castellano/clubs.html> Artigo sobre os clubs de lectores.
- [http://www.dosdoce.com/pagina\\_nueva\\_329.htm](http://www.dosdoce.com/pagina_nueva_329.htm) Artigo sobre a incorporación dos blogs á educación.
- <http://www.forocrearteduca.blogspot.com/> Artigo “El weblog como recurso en el aula”.
- <http://www.aulablog.com/planeta/> “Planeta Educativo. Unha primeira ollada á blogosfera educativa”.
- <http://bretemas.blogspot.com/> Blog de Manuel Bragado: novidades culturais galegas.
- <http://www.aulablog.com/index.php> “Un lugar de encontro para educadores/as interesados/as nos blogs”. <http://www.jamillan.com/Blog> de José Antonio Millán, especialista en novas tecnoloxías e lingua.
- <http://www.blogger.com/start> Páxina gratuíta que permite crear o blog propio.
- <http://orientacion.blogia.com/temas/barbon-blogs-.php> Mostra ligazóns aos blogs de alumnos/as
- <http://www.comunicacion-cultural.com> (Blog da revista cultural *DosDoce*, sobre comunicación e literatura)

O que me marabilla dos libros que me gustan é que me abren portas, móstranme recunchos que eu non coñecía de min ou que tiña medo a explorar. E é que é bo ser quen de abrir as propias portas.

Antonio Lobo Antunes

**Edita:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**Ilustración:**

Óscar Villán

**Idea e textos:**

Colectivo Acatrotintas: Mayte Leis, Cristina Novoa,  
Magdalena de Rojas, Juana Vázquez

**Impresión:**

Gráficas Celarayn, S.A.

**D.L:** C 3252-2006